

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE AO DÍA 29 DE XANEIRO DE 2021

Ás 10.00 horas do día 29 de xaneiro de 2021, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifeseizecloud.com/6699556>) coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

D. Pablo Pérz Pérez

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. José Ignacio Gómez Pérez

D. Diego Fernández Nogueira

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Armando Ojea Bouzo

D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Ausentes na sesión:

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa (que escusa a súa ausencia e emitiu o seu voto por correo).

Previamente ao tratamento dos puntos integrantes da orde do día, o secretario xeral intervéñen para acreditar a existencia de quórum para a realización da sesión, e con respecto ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 46.3 da LRBRL, dá por acreditada a identidade dos presentes coa súa imaxe no sistema, e manifesta que, salvo que ningún deputado ou deputada indique neste intre o contrario, entende que todos se atopan en territorio español, tal e como se pode comprobar igualmente a través da i.p. dos diferentes equipos.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: [ver videoacta](#)

Faise constar que debido a un problema informático a sesión estivo interrompida durante 90 minutos (das 11.15 ás 12.25 horas) e que co fin de garantir que o portavoz de Democracia Ourensana puidese defender a súa moción (punto 8º da orde do día) en condicións, modificouse o tratamento dos asuntos, pasando a debaterse primeiro os puntos 9º, 10º e 11º e posteriormente o punto 8º.

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTES Á ORDINARIA DO DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondentes á ordinaria do 18 de decembro de 2020.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do 18 de decembro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS EN RÉXIME DE TELETRABALLO POLAS PERSOAS EMPREGADAS PÚBLICAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Toma a palabra para sinalar que o seu grupo vai votar a favor, e que en todo caso este sistema de traballo é moi acaído nas actuais circunstancias de pandemia para garantir a seguridade e a saúde do persoal provincial, engadindo que en todo caso isto non pode supoñer ningunha diminución nos dereitos da veciñanza e na calidade dos servizos públicos.
- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Fai constar que o seu grupo vai votar a favor e que lle parece unha boa iniciativa nas actuais circunstancias.
- 1ª intervención Rosario Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Indica que a ordenanza proposta polo grupo de goberno para adaptar a súa regulamentación á normativa estatal é unha boa iniciativa, se ben matiza que se ben se fixo o trámite preceptivo da negociación coa representación sindical e dos traballadores, non se acadou o consenso. A este respecto pon como exemplo a regulación do Concello de Barbadás que si acadou o consenso unánime.
- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza sinalando que esta ordenanza ten como finalidade contribuír á modernización desta administración e implantar un modelo de traballo que facilita a organización das tarefas e axuda á conciliación do persoal, todo isto sen diminuír a calidade na prestación dos servizos públicos. Seguidamente pasa a resumir brevemente os principios esenciais que se recollen na ordenanza proposta polo goberno provincial, os seus obxectivos e liñas xerais. Neste sentido lembra como durante a primeira onda da pandemia xa se empregou esta modalidade de traballo por preto de douscentos empregados e empregadas públicas provinciais. A continuación fai un repaso á tramitación

administrativa do texto que se eleva a este pleno, que xa pasou polo comité técnico provincial e pola mesa xeral de negociación.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Intervén para resaltar o grao de aceptación que tivo entre a representación sindical, acadándose un grao de aceptación bastante aceptable.

- 2ª intervención Rosario Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que o voceiro do Grupo Popular na súa intervención o que fixo foi dar lectura ao RD 29/2020, que é a norma estatal que regula o sistema de teletraballo, eludindo entrar no detalle do texto que se trae. Volve resaltar a ordenanza aprobada polo Concello de Barbadás, en comparación coa que propón o grupo de goberno desta Deputación, considerando a primeira moito máis flexible e obxectiva. Remata sinalando que é un punto de arranque, e que haberá que ver como evoluciona a súa implantación.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza sinalando, en referencia á intervención da voceira do grupo socialista, que a súa intervención se dirixe a todos os deputados e deputadas e á veciñanza en xeral, e que non vai dicir unicamente o que ela quere escoitar. Sobre a ordenanza explica que recolle moitas das achegas e propostas do comité técnico e da mesa xeral de negociación, e que unicamente se abstivo na votación unha central sindical. Remata sinalando que se trata dunha regulación viva, dinámica e aberta ás modificacións e adaptacións que sexan precisas.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da prestación de servizos en réxime de teletraballo polas persoas empregadas públicas da Deputación Provincial de Ourense, coa seguinte redacción:

Artigo 1. Obxecto, finalidade e principios.

É obxecto da presente ordenanza a regulación da prestación, polas persoas empregadas públicas provinciais, das funcións propias dos seus postos de traballo fóra das dependencias da Deputación Provincial, a través das novas tecnoloxías da información e da comunicación, mediante a modalidade de teletraballo.

A finalidade fundamental desta regulación é contribuír á modernización da administración provincial, mediante un mellor e máis moderno desempeño do posto de traballo a través do uso das novas tecnoloxías, favorecendo a conciliación da vida profesional, persoal e familiar a través da flexibilidade para realizar o traballo desde o domicilio, conseguindo con iso un maior grao de satisfacción laboral, e todo iso sen diminución da dedicación e a calidade do servizo.

Os principios sobre os que se asenta son:

- A necesidade da súa expresa autorización, sendo compatible coa modalidade presencial.
- O carácter voluntario e reversible do teletraballo, salvo supostos excepcionais debidamente xustificados.
- A necesidade da súa negociación colectiva.
- Os criterios obxectivos no acceso a esta modalidade de prestación do servizo.
- A contribución a unha mellor organización do traballo a través da identificación de obxectivos e a avaliación do seu cumprimento.
- A igualdade de dereitos e deberes legais e convencionais, individuais e colectivos, das persoas empregadas públicas provinciais co resto de traballadores.
- A utilización das tecnoloxías da información e a comunicación, debendo a administración proporcionarlos e mantelos.

Artigo 2. Definicións.

O **teletraballo** pode definirse, de acordo co artigo 47 bis do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, como a aquela modalidade de prestación de servizos a distancia na que o contido competencial do posto de traballo pode desenvolverse, sempre que as necesidades do servizo o permitan, fóra das dependencias da administración, mediante o uso de tecnoloxías da información e comunicación.

Esta forma de traballo leva consigo o desvío, durante a xornada laboral de teletraballo, (CCOO) da liña telefónica individual de cada persoa empregada pública provincial a un número de teléfono móbil.

A oficina a distancia será o lugar elixido polo solicitante do teletraballo para desenvolver as xornadas non presenciais. Este lugar farase constar especificamente no Plan Individual de

Traballo ou na resolución pola que se autorice a prestación de servizos na modalidade de teletraballo e deberá dispoñer dos medios tecnolóxicos necesarios para realizar as funcións propias do seu posto de traballo, que serán proporcionados e mantidos pola administración, e na que deberán estar garantidas as condicións esixidas en materia de prevención de riscos laborais, de privacidade e de confidencialidade de datos.

As xornadas teletraballables son as xornadas nas que o traballador desenvolva as súas funcións na oficina a distancia.

Os períodos de interconexión son os espazos de tempo de traballo efectivo durante os cales o persoal teletraballador debe estar dispoñible para contactar co resto de compañeiros. Os períodos de interconexión serán os establecidos como horario de traballo que figuran no acordo regulador do persoal funcionario e no convenio colectivo de persoal laboral vixentes.

Plan individual de teletraballo. É o instrumento de seguimento e control da actividade de teletraballo durante as xornadas teletraballables. Este documento debe manterse permanentemente actualizable e detallará o inicio e finalización dos períodos de conexión. O plan deberá ser elaborado polo traballador e autorizado polo xefe da unidade administrativa correspondente, e conformado polo director de área e/ou xefe de servizo correspondente. Así mesmo, será responsabilidade de cada dirección de área o seguimento e control do dito plan.

Artigo 3. Ámbito de aplicación e delimitación dos postos susceptibles de ser desempeñados na modalidade de teletraballo.

A presente ordenanza será de aplicación a todas as persoas empregadas públicas da Deputación Provincial de Ourense que ocupen un posto de traballo susceptible de ser desenvolvido na modalidade de teletraballo de conformidade co disposto nesta ordenanza.

Terán a consideración de postos de traballo susceptibles de ser desempeñados mediante teletraballo todos aqueles cuxo contido competencial pode desenvolverse, sempre que as necesidades do servizo o permitan, fóra das dependencias da administración, mediante o uso de tecnoloxías da información e da comunicación.

Artigo 4. Acceso á modalidade de teletraballo.

O procedemento de autorización para teletraballar iniciárase por solicitude da persoa interesada dirixida ao servizo de Recursos Humanos da Deputación.

1.- Na solicitude incluírse as xornadas teletraballables e os períodos de interconexión.

2.- O plan de teletraballo incluírá unha proposta da persoa traballadora, autorizada polo xefe da unidade administrativa correspondente e conformado polo director de área e/ou xefe de servizo, referente ao posto do solicitante e conterá os seguintes puntos:

a) Funcións ou tarefas asignadas con carácter xeral ao posto de traballo.

b) Designación da persoa supervisora da actividade que se pretenda desenvolver baixo esta modalidade.

c) Asignación concreta de tarefas a desenvolver en réxime de teletraballo.

Ademais asinarase o compromiso de observar, en todo momento, a normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal e de todos os deberes e obrigas que lle correspondan de acordo coa mencionada normativa.

Para estes efectos, estableceranse mecanismos que garantan a protección e confidencialidade dos datos obxecto de tratamento en réxime de teletraballo e a propia intimidade do traballador, de acordo co que dispón o artigo 14j bis) do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado mediante Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

O Servizo de Recursos Humanos solicitará informe da xefatura de servizo e/ou área na que se encadre o referido posto, debendo emitir o informe motivado correspondente.

No caso de que a solicitude proceda dunha dirección de área, deberá realizarse unha petición motivada que resolverá directamente o presidente da Deputación ou deputado con competencias en materia de RRHH.

Seguidamente, o Servizo de Recursos Humanos formulará a correspondente proposta motivada sobre a aceptación ou denegación da solicitude formulada, que deberá ser resolta, individual ou conxuntamente con outras, no prazo máximo dun mes, por resolución do presidente da Deputación Provincial ou deputado con competencias en materia de RRHH. O silencio administrativo deste procedemento terá efectos desestimatorios. Darase conta aos representantes dos traballadores de todas as resolucións que se produzan nesta materia.

A resolución favorable á prestación da xornada na modalidade non presencial poderá quedar sen efecto, ou en suspenso, tanto a petición da persoa empregada pública provincial como a

instancia da Deputación Provincial, xa sexa por incumprimento dos requisitos establecidos na presente ordenanza, por necesidades do servizo, incumprimento dos obxectivos establecidos, así como por causas sobrevidas que alteren substancialmente as condicións e requisitos que motivaron a resolución favorable.

En todo caso, a resolución que deixe sen efecto o teletraballo, previa audiencia da persoa empregada pública provincial, debера ser motivada. A finalización desta modalidade de xornada non presencial levará consigo a incorporación da persoa empregada pública provincial á modalidade presencial que tiña asignada con anterioridade. En supostos excepcionais, debidamente xustificados, a administración poderá declarar o carácter forzoso e non reversible do teletraballo.

Artigo 5. Requisitos para o acceso á modalidade de teletraballo.

As persoas empregadas públicas provinciais incluídas no ámbito de aplicación desta ordenanza, que estean interesadas en prestar o seu servizo mediante a modalidade de teletraballo, deberán reunir e acreditar os seguintes requisitos:

- a) Ter desempeñado efectivamente o posto de traballo que se pretende desenvolver en réxime de teletraballo ou outro de contido similar durante o tempo necesario para garantir un correcto coñecemento das funcións a desempeñar, co preceptivo informe do órgano directivo.
- b) Desempeñar un posto de traballo que se considere susceptible de ser prestado na modalidade de teletraballo, agás os que estean incluídos nas causas de denegación establecidas no artigo 7 desta ordenanza.
- c) Ter os coñecementos suficientes, informáticos e telemáticos, teóricos e prácticos, que requira o exercicio das funcións obxecto de teletraballo.
- d) Dispoñer de conexión a Internet estable e co ancho de banda suficiente para o acceso á rede da Deputación, e dun teléfono para o desvío de chamadas durante o tempo de traballo.

Os recursos tecnolóxicos para desempeñar o posto na modalidade de teletraballo serán de propiedade da administración, e facilitará á persoa teletraballadora os seguintes:

- a) Un ordenador para o seu uso nas xornadas de teletraballo. Poderá valorarse o emprego de dispositivos propiedade do empregado, sempre que cumpran os requirimentos e políticas de seguridade que se definan.

- b) As ferramentas ofimáticas de traballo remoto ou de traballo colaborativo e de ciberseguridade, que poidan ser necesarias para o desenvolvemento das funcións que se deban realizar en réxime de teletraballo.
- c) Acceso ás aplicacións informáticas da Deputación de Ourense e, concretamente, ás empregadas no órgano de adscrición do posto desempeñado na modalidade de teletraballo.
- d) A conexión cos sistemas informáticos da Deputación de Ourense, que deberán levarse a cabo de conformidade coa política de seguridade da Deputación para garantir a accesibilidade, axilidade, seguridade e confidencialidade da comunicación e dos sistemas de información.
- e) Os sistemas de sinatura electrónica durante a prestación de servizos en réxime de teletraballo determinados pola Deputación, que serán os mesmos que os utilizados no réxime ordinario de prestación de servizos.

Os recursos tecnolóxicos entregados pola administración para o desempeño dos postos en réxime de teletraballo serán, preferentemente, os mesmos que se vaian a utilizar nas xornadas presenciais, evitando que a modalidade de teletraballo poida supoñer a existencia dunha duplicidade de medios que só, excepcionalmente, poderá autorizar motivadamente o centro directivo.

Só se prestará o servizo de soporte dos medios corporativos e dos medios tecnolóxicos utilizados na modalidade de teletraballo facilitados pola administración. Tamén se prestará cando, por falta de dotación de medios imputables á Administración, os empregados públicos poñan a disposición da administración os seus equipos informáticos.

Tales medios non se poderán utilizar para finalidades diferentes das derivadas da prestación de servizos que motivan a súa entrega ao persoal teletraballador, que deberá responsabilizarse da súa integridade, custodia, conservación en perfecto estado, e da súa dispoñibilidade para prestar servizos tanto na modalidade presencial como remota.

Os requisitos mínimos esixidos deberán conservarse durante todo o período de tempo no que a persoa empregada pública preste o seu servizo en xornada non presencial mediante teletraballo.

A persoa empregada pública provincial aceptará voluntariamente o contido íntegro da presente ordenanza, incluíndo a colaboración para que se mida e controle a execución das tarefas asignadas e o cumprimento dos obxectivos da modalidade de teletraballo. Na implementación dos sistemas de control, garantirase o dereito á intimidade e á privacidade da persoa teletraballadora

Artigo 6. Requisitos de autorización da modalidade de traballo.

As autorizacións da modalidade de teletraballo realizaranse para o posto que estea desempeñando a persoa solicitante, e estará condicionada polas necesidades do servizo.

Co fin de garantir a presenza física nas oficinas, cando houberse varias persoas empregadas públicas que desexen prestar o servizo mediante xornada non presencial e pertencen á mesma unidade de traballo, estableceranse, no seu caso e para cumprir esta finalidade, as rotacións que sexan necesarias para garantir a correcta prestación do servizo, segundo o criterio da dirección de área.

No caso de que dúas persoas empregadas públicas provinciais convivan nunha mesma unidade familiar e ambas soliciten acollerse a esta forma de traballo, non se poderán solapar as súas respectivas xornadas teletraballables.

Cando, para cumprir as regras anteriores, non fose viable outorgar a dita modalidade de traballo a todas as solicitudes, as autorizacións atenderán aos seguintes criterios de prioridade:

- a) Persoas vítimas de violencia de xénero.
- b) Persoas con discapacidade.
- c) Persoas con necesidades de conciliación da vida familiar e persoal.

Se unha vez aplicados os criterios de preferencia anteriores varias persoas solicitantes tiveran circunstancias semellantes, tomarase como criterio de desempate a maior antigüidade no posto de traballo.

Artigo 7. Causas de denegación da modalidade de teletraballo.

As solicitudes para o cumprimento de xornada na súa modalidade de non presencial de teletraballo poderán ser denegadas por algunha/s das seguintes causas debidamente xustificadas:

- a) Por non reunir, a persoa empregada pública, os requisitos establecidos no apartado 5 da presente ordenanza.
- b) Por cambio de posto de traballo.
- c) Por non quedar cubertas, adecuadamente, as necesidades do servizo ou as de presenza física do dito servizo.
- d) Por limitacións tecnolóxicas das infraestruturas tecnolóxicas, ou a imposibilidade de garantir a conectividade no lugar de teletraballo.

A autorización para a prestación do servizo na modalidade de traballo non presencial, poderá suspenderse temporalmente por circunstancias sobrevidas que afecten á persoa empregada ou ás necesidades do servizo, debidamente acreditadas. Cando a resolución da suspensión se adopte por causas relacionadas coas necesidades do servizo deberán explicarse e motivarse suficientemente.

Artigo 8. Características, duración e distribución da xornada de teletraballo.

A duración do período de tempo no que se poderá desenvolver a prestación do servizo na modalidade de teletraballo será, como máximo, dun ano prorrogable por un ano máis, e sempre condicionado ao mantemento das circunstancias polas que se autorizou. Se chegado o vencemento non se manifesta o contrario, debera entenderse prorrogado polo mesmo período.

As xornadas de teletraballo poderán establecerse:

- a) Cunha periodicidade fixa semanal: serán dun máximo de dous (2) días á semana (de martes a xoves), agás que sexa necesario efectuar algunha redistribución para garantir a presenza física mínima.
- b) Cun cuántum mensual: serán de oito (8) días ao mes a determinar libremente, segundo as necesidades do servizo que presta a persoa que o solicita. Esta modalidade resérvase para os empregados públicos que ocupen un posto de dirección de área, xefatura de servizo ou equivalente. Non son acumulables entre meses e será necesario o aviso previo ao superior xerárquico ou ao presidente da Deputación Provincial ou deputado con competencias en materia de RRHH.

Con carácter puntual poderá establecerse un réxime de teletraballo parcial para os seguintes casos:

- a) Cando por causas de conciliación da vida laboral e familiar ou por outras debidamente xustificadas non se poida completar a xornada de traballo presencial.
- b) Para o caso de atribucións de tarefas ou funcións non habituais, ou para servizos de carácter extraordinario.

O réxime de teletraballo parcial non estará sometido aos períodos de interconexión establecido no artigo 2.

Ao finalizar o tempo polo que se autoriza a prestación en réxime non presencial, o empregado volverá a prestar servizos de acordo coa xornada presencial que tiña asignada previamente.

Artigo 9. Revogación pola Deputación e finalización a instancias da persoa empregada pública provincial.

A autorización de prestación do servizo na modalidade non presencial, mediante a fórmula del teletraballo, poderá quedar sen efecto polas seguintes causas:

- a) Por necesidades do servizo, acreditadas nun informe do titular da xefatura ou dirección correspondente.
- b) Por incumprimento dos obxectivos establecidos.
- c) Por causas sobrevidas que alteren, substancialmente, as condicións e requisitos que motivaron a resolución de autorización.
- d) Por mutuo acordo entre o empregado/a e a Deputación.
- e) Por calquera outra causa debidamente xustificada.

Acreditada a concorrencia dalgunha das causas sinaladas neste apartado ditarase resolución motivada da revogación da autorización para a prestación do servizo na modalidade de teletraballo.

Dado o carácter voluntario da prestación de servizos nesta modalidade, a persoa empregada pública provincial que estea autorizada poderá, en calquera intre, solicitar a revogación da autorización, que se considerará incluída no suposto previsto na letra d) do presente artigo, debéndose ditar a resolución motivada de revogación nun prazo máximo de dez (10) días desde a solicitude.

Artigo 10. Prevención de riscos laborais e protección de datos de carácter persoal.

O Servizo de Prevención de Riscos Laborais e/ou de Saúde Laboral facilitará, ás persoas empregadas públicas provinciais que se acollan á modalidade de teletraballo, a formación e información necesaria en materia de seguridade e saúde.

Co obxectivo de facilitar o exercicio da modalidade de traballo a distancia, entenderase cumprida a obrigaón de efectuar a avaliación de riscos, nos termos previstos no artigo 16 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, con carácter excepcional, a través da autoavaliación realizada voluntariamente polas persoas empregadas públicas provinciais, que asinará unha declaración responsable na que acredite que o posto de traballo destinado a teletraballo cumpre coas indicacións realizadas polo Servizo de Prevención e/ou Saúde Laboral.

A persoa que adopte a modalidade de teletraballo cumprirá a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (RXPd e LOPDGDD) e manterá a debida reserva respecto aos asuntos que coñeza, nos mesmos termos que no desenvolvemento das súas funcións na modalidade presencial.

A conexión cos sistemas informáticos da Deputación Provincial de Ourense deberá levarse a cabo a través dos sistemas que esta determine para garantir a accesibilidade, axilidade, seguridade e confidencialidade da comunicación, garantindo o cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade.

Consonte ao artigo 88 da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), a persoa teletraballadora terá dereito á desconexión dixital fóra do tempo de traballo establecido, co fin de garantir o respecto dos períodos de descanso, permisos e/ou vacacións, así como da súa intimidade persoal e familiar.

Artigo 11. Dereitos e deberes.

A persoa teletraballadora terá os mesmos dereitos e deberes que o resto do persoal non teletraballador, agás os derivados especificamente deste acordo. En concreto e sen ánimo de exhaustividade, os seguintes:

- a) Individuais:
 - i) Dereito á carreira profesional, á formación e á promoción profesional.

ii) Dereito á prevención de riscos laborais e á aplicación da normativa preventiva no traballo a distancia.

iii) Dereito á intimidade, á protección de datos e á desconexión dixital, nos termos previstos na lexislación vixente de aplicación aos empregados públicos.

b) Colectivos:

i) Dereito a exercer os seus dereitos de natureza colectiva co mesmo contido e alcance que o resto das persoas traballadoras.

ii) Dereito a poder participar efectivamente nas actividades organizadas ou convocadas polos seus representantes legais ou polo resto das persoas traballadoras en defensa dos seus intereses laborais, como o exercicio presencial do dereito ao voto nas eleccións a representantes legais.

O teletraballo, non obstante, é compatible coa solicitude de redución de xornada nas mesmas condicións que o resto de persoas traballadoras.

Establécese como obriga adicional, para as persoas que presten servizos nesta modalidade, a de estar dispoñibles en todo caso no teléfono e correo electrónico que se designen, e durante a duración da xornada laboral.

Disposición transitoria primeira.

Durante o tempo que dure a situación de excepcionalidade sanitaria ocasionada polo brote da COVID-19, e co obxecto de protexer a saúde pública e reforzar a saúde dos colectivos vulnerables, as persoas empregadas provinciais con especial sensibilidade en relación á infección de coronavirus SARS-CoV-2 (COVID-19), terán preferencia en canto á autorización do réxime de teletraballo previsto no artigo 6 desta ordenanza.

Disposición transitoria segunda.

En circunstancias excepcionais, tales como emerxencias sanitarias, estados de alarma, ou similares, o presidente da Deputación Provincial ou deputado con competencias en materia de RRHH poderá autorizar a xornada de teletraballo incluso ata o 100% do tempo da prestación do servizo.

Disposición transitoria terceira.

A obrigatoriedade de que a administración facilite os medios tecnolóxicos para desempeñar o posto de traballo na modalidade de teletraballo non será efectiva ata que transcorra dous anos desde a entrada en vigor deste acordo.

2º.- O presente acordo someterase a información pública por prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio inserido na sede electrónica da Deputación e no Boletín Oficial da Provincia para a presentación de reclamacións e suxestións, que, de ser o caso, deberán ser resoltas polo Pleno. No caso de non presentarse reclamacións ou suxestións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

Unha vez aprobada definitivamente a ordenanza, procederase á publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

3º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE AO “EIXO ATLÁNTICO DO NOROESTE PENINSULAR”.-

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Indica estar totalmente a favor desta proposta de adhesión e matiza que incluso chega algo tarde, por tratarse dun foro de debate e de decisións que afecta nunha gran medida a Galicia. A este respecto sinala que boa parte do futuro no noso país pasa pola súa relación con Portugal e que incluso son máis próximos que Madrid, pondo como exemplo a conexión do AVE con Lisboa, que fai unha aposta clara e decidida polo Norte e con Vigo e con Galicia. Remata indicando que xuntar as vontades dos dous países, Galicia e Portugal, vai ser fundamental para o futuro de ambos, e que esta adhesión da Deputación ao Eixo Atlántico é sen dúbida un paso máis nesta relación.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Toma a palabra para sinalar que o seu grupo votará a favor, da que xa forma parte o concello de Ourense, e que as entidades que o configuran fan propostas moi interesantes para o futuro do noroeste peninsular.

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Intervén para sinalar que o Grupo Socialista votará a favor, que eles creen no asociacionismo e que é importante que estea esta Deputación xa que se debaten asuntos de moita transcendencia para esta provincia, como por exemplo o corredor atlántico ferroviario, do que esta asociación sempre apostou polo seu percorrido Ourense-Monforte-O Barco-León. Engade que esta asociación representa a preto de seis millóns de adhesións e que esta adhesión vai beneficiar á nosa provincia.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza sinalando que esta asociación constitúe o “lobby” de cooperación transfronteiriza máis importante entre España e Portugal e que é moi importante para posicionar a esta Deputación e desenvolver proxectos europeos de cooperación territorial transfronteirizas. Engade que esta adhesión vai reforzar tanto á propia organización como á provincia de Ourense, e que reforza o traballo en rede que este grupo de goberno provincial está levando a cabo. Para rematar sinala que a candidatura desta Deputación foi aceptada de xeito unánime por todos os membros desta asociación, e que esta ven recoller un dos anuncios feitos polo presidente Manuel Baltar no pleno sobre o estado da provincia.

- 2ª intervención Rosario Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Por alusións intervén para pedir respecto á discrepancia co voceiro do Grupo Popular.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Solicitar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á entidade asociativa “EIXO ATLÁNTICO DO NOROESTE PENINSULAR”.

2º.- Manifestar a conformidade desta entidade cos compromisos e obrigacións recollidos nos seus estatutos, os cales se aproban de xeito expreso, co contido que de seguido se se transcribe:

CAPÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º

Natureza

1.- O EIXO ATLÁNTICO DO NOROESTE PENINSULAR – Asociación de Municipios, constitúe unha asociación transfronteiriza de dereito público, integrada por municipios e entidades da administración local que configuran o sistema urbano da eurorexión Galicia

– Norte de Portugal, sometida á lexislación portuguesa, así como ao dereito comunitario aplicable.

2.- Á asociación Eixo Atlántico son aplicables as regras legais relativas ás asociacións de municipios de fins específicos, sen prexuízo do disposto nos artigos 25 e 27º dos presentes estatutos, así como da aplicación de normas de dereito comunitario.

Artigo 2º

Ámbito

1.- O Eixo Atlántico determina un espazo eurorexional interestatal cunha filosofía que segue as orientacións da Unión Europea.

2.- O ámbito territorial do Eixo Atlántico comprende o espazo rexional ocupado polos termos municipais e áreas de influencia de cada unha das entidades que o constitúen.

Artigo 3º

Obxecto

1.- Este espazo eurorexional integra as seguintes cidades e entidades: A Coruña, Barcelos, Braga, Bragança, Carballo, Eurocidade Chaves-Verín AECT, Ferrol, Guimarães, Lalín, Lugo, Macedo de Cavaleiros, Maia, Matosinhos, Mirandela, Monforte de Lemos, Narón, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Ourense, Paredes, Peso de Régua, Pontevedra, Porto, Riveira, Santa Maria da Feira, Santiago de Compostela, Sarria, Valongo, Viana do Castelo, Vigo, Vila do Conde, Vila Nova de Famalicão, Vila Nova de Gaia, Vila Real, Vilagarcía de Arousa e Deputación de Lugo.

2.- Estas entidades urbanas pretenden ser os auténticos motores de desenvolvemento no espazo rexional no que se insiren e que se caracteriza pola existencia de determinadas realidades socioeconómicas e culturais similares.

3.- Estas cidades e entidades son conscientes das causas reais dos seus problemas e pretenden atopar as mellores solucións no ámbito do denominado Eixo Atlántico. Este Eixo, incluído nun espazo máis amplo, a Unión Europea, ten como principal finalidade o desenvolvemento económico, social, cultural, tecnolóxico e científico das cidades e das rexións que o constitúen. Así, o Eixo Atlántico constitúe unha asociación transfronteiriza integrada polas principais cidades e entidades de Galicia e da rexión norte de Portugal, que ten o fin de promover a cohesión económica, social e cultural, principalmente mediante a vertebración dun territorio común.

Artigo 4º

Adquisición e perda da condición de asociado

Os entes locais de Galicia e da rexión Norte de Portugal poderán manifestar o seu interese na integración de realidades socioeconómicas eminentemente urbanas que soliciten adhesión á Comisión Executiva desta Asociación. Unha vez recibida a solicitude de adhesión, que deberá ir acompañada do acordo do órgano plenario do ente que estea interesado na integración, a citada Comisión Executiva emitirá un ditame que será presentado á Asemblea Xeral. Para que a adhesión sexa aceptada, terá que obter 2/3 dos votos dos membros da Asemblea Xeral.

Sen prexuízo do anterior, poderán así mesmo formar parte do Eixo Atlántico as entidades que asocien ou agrupen a dous ou máis entes locais dos incluídos no apartado anterior.

Os asociados contribuirán cunha cota anual cun importe que será determinado pola Asemblea Xeral.

A perda da condición de asociado poderá ocorrer a petición do interesado ou ben por expulsión.

1.- A petición, tanto de ingreso como de baixa, deberá estar dirixida ao Presidente do Eixo Atlántico, acompañada do acordo do pleno municipal, asemblea municipal ou órgano equivalente do ente correspondente.

2.- Motivos de expulsión:

1) Incumprimento do pagamento das cotas establecidas como membro do Eixo Atlántico durante dous anos ou atraso reiterado no pagamento das mesmas.

2) Actuacións contrarias ao espírito e principios desta Asociación, aos seus Estatutos ou normas de funcionamento que fosen aprobadas pola Asemblea Xeral ou a calquera dos municipios e entidades da Administración Local asociados.

3) A expulsión será decidida en Asemblea Xeral e requirirá para a súa aprobación o voto favorable de 2/3 dos seus membros, previa audiencia do asociado afectado.

Artigo 5º

Linguas de traballo

As linguas de traballo serán, indistintamente, o galego, o español e o portugués.

Artigo 6º

Domicilio e oficinas

1.- O Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular ten a súa sede en Portugal na Rúa da Ribeira Negra, nº55, tamén designada como Av. Inferior à Ponte D. Luís I, nº 55, parroquia de S. Nicolau, Municipio de Oporto e en España na Rúa Bolivia, nº 4 do Municipio de Vigo.

2.- A sede da Asociación pode ser cambiada por acordo da Asemblea Xeral.

3.- Independentemente destes espazos físicos, e para o mellor desempeño dos seus obxectivos, poderán crearse novas oficinas en calquera cidade da Unión Europea que a Comisión Executiva considere oportuno, a proposta da Secretaría Xeral.

CAPÍTULO II

OBXECTIVOS

Artigo 7º

Obxectivos

1.- Os propósitos e obxectivos do Eixo Atlántico enmárcanse no ámbito da cooperación transfronteiriza e determinanse mediante a definición dos problemas de orde económica, social, técnica e cultural e pola procura das mellores solucións para resolvelos. Considéranse prioritarios para a promoción e desenvolvemento os que se indican a seguir:

Proxectos de infraestruturas

- Desenvolvemento económico
- Desenvolvemento sostible
- Desenvolvemento innovador
- Turismo
- Política social e cultural, entendida como a promoción de todo tipo de actividades sociais, culturais e deportivas que se identifiquen coas raíces e identidade dos municipios e entidades membro da Administración Local e que favorezan a cohesión do sistema urbano da Eurorexión norte de Portugal-Galicia.
- Políticas urbanas

2.- O disposto no número anterior concrétase especialmente a través da realización de:

- a) Estudos, plans, programas e proxectos, principalmente os que sexan susceptibles de cofinanciamento estatal, comunitario ou internacional.
- b) Formas de relación entre axentes, estruturas e entidades, públicas e privadas, susceptibles de contribuír ó desenvolvemento dos respectivos territorios fronteirizos.

Artigo 8º

Coordinación con outros organismos

Para a prosecución dos obxectivos referidos, o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular actuará en coordinación cos organismos que teñan competencia para apoiar e levar a cabo as accións necesarias, particularmente cos que dependen das institucións comunitarias europeas.

CAPÍTULO III

MEDIOS FINANCEIROS

Artigo 9º

Recursos Económicos

1.- Para a prosecución dos seus obxectivos, o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular poderá contar cos seguintes recursos económicos:

- a) Cotas pagadas polos seus membros, de acordo co establecido.
- b) Subvencións dos organismos públicos, doazóns, legados e axudas de todo tipo coas que esta

Asociación poida ser favorecida;

- c) Subvencións de organismos nacionais ou internacionais destinadas a sufragar o custo dos servizos;
- d) Préstamos, créditos bancarios e outros instrumentos financeiros análogos, dende que legalmente admisibles.
- e) Financiamento no ámbito de programas comunitarios.
- f) Ingresos satisfeitos como contraprestación pola entrega de bens e/ou a prestación de servizos

2.- Para o funcionamento interno do Eixo Atlántico, as cotas fixadas deberán respectar a proporción coa realidade socioeconómica de cada un dos municipios e entidades da Administración Local integrantes.

Artigo 10º

Orzamento e contas

1.- O Eixo Atlántico elaborará un orzamento anual que coincidirá co ano civil e será aprobado pola Asemblea Xeral.

2.- Co orzamento a Asemblea Xeral poderá aprobar a contratación de préstamos de tesourería.

3.- O Eixo Atlántico elaborará anualmente documentos de presentación de contas, que incluirá, necesariamente, un balance e unha conta de resultados.

4.- Sen prexuízo do control e acompañamento que deba realizar o Consello de Auditoría e Control tanto o orzamento como as contas anuais (balance e conta de resultados) serán obxecto de auditoría externa independente.

5.- A responsabilidade financeira de cada asociado está limitada ó importe da súa cota.

6.- Para os efectos de aplicación do número 2 deste artigo, considéranse préstamos de tesourería aqueles que se destinan a atender as necesidades de tesourería resultantes da execución de proxectos financiados por fondos europeos ou nacionais cun importe que nunca poderá exceder o 45% do valor total de tales fondos.

Artigo 11º

Patrimonio

1.- O patrimonio do Eixo Atlántico estará composto polos bens que os membros lle adscriban para o cumprimento dos seus fins así como os que a propia entidade adquira cos seus propios recursos.

2.- Os membros do Eixo Atlántico poderán ceder á entidade bens públicos para o cumprimento dos seus fins, dentro dos límites legais e sen prexuízo da lexislación específica aplicable a cada caso.

3.- Os bens e dereitos adscritos conservan a cualificación e titularidade orixinal, sendo o Eixo Atlántico responsable da súa conservación e utilización para o cumprimento dos fins determinados no momento da súa adscrición.

CAPÍTULO IV

ÓRGANOS DE DIRECCIÓN E AS SÚAS FUNCIONS

Artigo 12º

Composición, Sede e Competencias da Asemblea Xeral

1.- A Asemblea Xeral é o órgano deliberativo e estará composta polos Alcaldes ou Presidentes dos municipios e entidades da Administración Local membros do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular que se atopen en pleno uso dos seus dereitos.

2.- Os titulares poderán delegar a súa representación na Asemblea Xeral a un membro da Corporación ou do ente que forma parte do Eixo Atlántico nos termos establecidos pola lexislación nacional que resulte de aplicación. Excepcionalmente, e naqueles casos nos que a organización municipal do concello o xustifique, o alcalde poderá designar a un delegado permanente para as reunións políticas do Eixo Atlántico que deberá ter carácter estable e o rango axeitado á representación que ostenta.

3.- A Asemblea Xeral ten a súa sede na Sede da Asociación e funcionará en calquera lugar, o cal deberá ser indicado na Convocatoria pola Mesa da Asemblea Xeral.

4.- Compete á Asemblea Xeral:

- a) Determinar a composición da Mesa da Asemblea Xeral;
- b) Aprobar a estratexia e a súa execución mediante o programa anual de actividades;
- c) Aprobación de contas do exercicio anterior e dos presupostos anuais;
- d) Nomeamento e control da Comisión Executiva;
- e) Aprobación e modificación dos Estatutos;
- f) Aprobación dun Regulamento Interno de funcionamento dos órganos do Eixo Atlántico;
- g) Disolución;
- h) Destitución dos titulares dos órganos da Asociación;
- i) Integración ou expulsión de novos membros;
- j) Calquera outra competencia que poida ser establecida nos Estatutos ou no Regulamento interno.

Artigo 13º

Sesións e convocatorias

1. A Asemblea Xeral reunirse en sesión ordinaria unha vez ó ano.
2. A Asemblea Xeral reunirse en sesión extraordinaria sempre que a Comisión Executiva ou a metade dos asociados o solicite.
3. A convocatoria da Asemblea Xeral, con indicación do día, hora e lugar da reunión e a Orde do Día, será realizada polo Secretario Xeral, previa aprobación do Presidente da Asemblea Xeral ou por quen o substitúa, por vía postal, por correo electrónico ou ben por fax, polo menos con quince días naturais de antelación. Para a celebración da Asemblea Xeral extraordinaria, a convocatoria será realizada cos mesmos requirimentos sinalados con carácter xeral, sendo suficiente unha antelación mínima de oito días naturais.
4. As solicitudes de convocatoria da Asemblea Xeral deberán estar dirixidas, por escrito, ao Presidente da Comisión Executiva e nelas constará sempre a Orde do día, explicada de forma obxectiva, e que non poderá ser modificada.
5. Se a convocatoria se fai a petición da metade dos asociados, estes deberán estar presentes, salvo por causa de forza maior debidamente xustificada. Sen este requisito, a Asemblea Xeral non poderá celebrar a reunión solicitada.

6. En circunstancias excepcionais, e por motivo de urxencia, no caso de que non sexa posible reunir extraordinariamente á Comisión Executiva ou á Asemblea Xeral, o voto dos membros do órgano competente pode ser efectuado polo procedemento de consulta escrita.

Artigo 14º

Funcionamento

1. Para que a Asemblea Xeral sexa válida será necesaria a presenza, en primeira convocatoria, de 2/3 dos seus membros. Para que a reunión en segunda convocatoria sexa válida non é necesario ningún quórum.
2. Salvo o disposto nos números seguintes, os acordos da Asemblea Xeral son tomados por maioría de votos dos asociados presentes.
3. Os acordos sobre as modificacións dos Estatutos esixen o voto favorable das tres cuartas partes do número de Asociados presentes.
4. Os acordos sobre a disolución da Asociación requiren o voto a favor das tres cuartas partes do número total de asociados.
5. Sen prexuízo do disposto no artigo 10, nº 12, as decisións relativas ao recurso a préstamos para o investimento deben ser tomadas por unanimidade.

Artigo 15º

Composición da Mesa da Asemblea Xeral

A Mesa da Asemblea Xeral asegura e dirixe os traballos da Asemblea Xeral e está integrada por tres membros, o Presidente da Asemblea Xeral, o Vicepresidente e o Secretario Xeral da Asociación.

Artigo 16º

Da Comisión Executiva e os seus membros

1. A Comisión Executiva estará constituída por unha cuarta parte dos membros da Asemblea ademais do Presidente, Vicepresidente da mesma e polo Secretario Xeral, que intervén, con voz pero sen voto, como secretario da Comisión. Os Alcaldes de Oporto e Vigo son membros permanentes desta Comisión.
2. A perda da condición de Alcalde ou Presidente da entidade á que se representa suporá o cese na Comisión Executiva, pasando a integrarse na mesma o novo Alcalde ou Presidente salvo que a Asemblea Xeral acorde a substitución. Desta previsión queda descartado o presidente do Eixo Atlántico, xa que a súa substitución estará rexida polo disposto no apartado 5º do artigo 18.

3. A duración do mandato da Comisión Executiva será de catro anos.
4. A Comisión Executiva reunirse en sesión ordinaria unha vez por semestre e en sesión extraordinaria cando o Presidente así o determine, ou ben a petición da maioría dos membros que a integran; sendo en todo caso necesario que a súa convocatoria se realice coas mesmas formalidades que as previstas para a convocatoria da Asemblea Xeral, polo menos con quince días naturais de antelación.
5. Os Alcaldes ou Presidentes membros poderán ser substituídos ocasionalmente por un membro da súa Corporación ou ben un membro do ente que forma parte do Eixo nos termos establecidos pola lexislación nacional que resulte de aplicación. Excepcionalmente, e naqueles casos nos que a organización municipal do concello o xustifique, o alcalde poderá designar un comisionado especial para as reunións políticas do Eixo Atlántico que deberá ter carácter estable e o rango axeitado á representación que ostenta.

Artigo 17º

Competencias da Comisión Executiva

1. Compete á Comisión Executiva exercer tódolos poderes necesarios para a execución das actividades que corresponden ao obxecto da Asociación excepto aquelas atribuídas imperativamente á Asemblea Xeral e, de forma concreta, as seguintes:

- 1) Executar os acordos adoptados pola Asemblea Xeral;
- 2) Propoñer á Asemblea a realización de proxectos, traballos, estudos, memorias e actividades de carácter singular ou de elevado valor estratéxico;
- 3) Presentar anualmente a proposta de orzamento e o Programa de Actividades, así como as contas do exercicio anterior;
- 4) Promover as actividades necesarias para a prosecución dos obxectivos do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular;
- 5) Subscribir acordos de cooperación;
- 6) Tódalas outras funcións que lle le sexan atribuídas pola Asemblea Xeral, polos presentes Estatutos ou polo Regulamento Interno.

2. Salvo o disposto nos presentes estatutos, os acordos da Comisión Executiva serán adoptados por maioría dos votos dos membros presentes.

Artigo 18º

Do Presidente

1. Compete ao Presidente da Comisión Executiva

- a) Presidir a Comisión Executiva;
 - b) Representar ao Eixo Atlántico nas súas relacións externas ante calquera persoa ou entidade xurídica, pública ou privada;
 - c) Supervisar a execución das decisións adoptadas pola Asemblea Xeral e pola Comisión Executiva. d) Supervisar o traballo da Secretaría Xeral;
2. No desempeño das súas funcións, o Presidente pode outorgar e asinar todo tipo de documentos, exercendo tódolos dereitos inherentes ó Eixo Atlántico.
 3. O Presidente poderá delegar funcións no Secretario Xeral.
 4. O Presidente será elixido pola Comisión Executiva, de entre os seus membros, por un período de dous anos e poderá ser reelixido.
 5. O Presidente será un Alcalde ou Presidente dunha entidade membro do Eixo Atlántico. Se cesa no seu cargo será substituído polo Vicepresidente do Eixo Atlántico ata a elección do novo Presidente, que terá lugar na primeira Comisión Executiva que se celebre.
 6. O Presidente poderá ser destituído das súas funcións por maioría dos votos dos membros da Comisión Executiva.
 7. Compete ao Vicepresidente substituír ao Presidente no caso de imposibilidade ou impedimento do mesmo, así como desempeñar as funcións que lle sexan delegadas polo Presidente ou pola Comisión Executiva.

Artigo 19º

Do Consello de Auditoría e Control

1. O Consello de Auditoría e Control é o Órgano fiscalizador da actividade económico-financeira da Asociación.
2. Está integrado por un número impar de titulares, nunca inferior a tres e que son o contable da Asociación en Portugal, o contable da Asociación en España e o Secretario Xeral da Asociación.
3. O Consello de Auditoría e Control funcionará na sede da Asociación.
4. O Consello de Auditoría e Control reunirse, en sesión ordinaria, para exercer as competencias definidas no parágrafo b) do número 1 do artigo 20º.
5. Levantarase Actas das reunións do Consello de Auditoría e Control.
6. Para o exercicio das competencias definidas no artigo 20º, o Consello de Auditoría e Control ten acceso, exclusivamente para consulta, a toda a documentación de carácter administrativo e/ou contable.

Artigo 20º

Competencias do Consello de Auditoría e Control

1. Compete ao Consello de Auditoría e Control:

a) Examinar anualmente a Contabilidade e a Tesourería da Asociación, reuníndose coa Comisión executiva sempre que sexa necesario para o exercicio das súas competencias;

b) Ditaminar sobre o Informe e as Contas presentadas pola Comisión Executiva antes da celebración da Asemblea Xeral.

c) Presentar á Comisión Executiva tódalas suxestións do ámbito da xestión financeira que considere de interese para a vida da Asociación.

2. Sempre que no exercicio das competencias definidas no parágrafo a) do nº 1, o Consello de Auditoría e Control detecte irregularidades non susceptibles de corrección que poidan comprometer a correcta xestión económico-financeira, debe propoñer a convocatoria da Asemblea Xeral para denuncialas e examinalas.

Artigo 21º

Deliberacións

O Consello de Auditoría e Control só poderá reunirse se está presente a maioría dos seus membros, e os acordos serán adoptados por maioría simple dos presentes.

Artigo 22º

Da Secretaría Xeral

1. Compete á Secretaría Xeral a administración, xestión e execución dos acordos e programas de acción adoptados pola Asemblea Xeral e pola Comisión Executiva.

2. A Secretaría Xeral estará dirixida polo Secretario Xeral, que terá cargo de dirección e será elixido pola Asemblea Xeral, a proposta do Presidente.

3. O Secretario Xeral poderá ser cesado pola Asemblea Xeral por maioría simple dos seus membros.

4. A Comisión Executiva e o Presidente poderán delegar no Secretario Xeral o que consideren oportuno para a prosecución dos obxectivos establecidos e dos acordos adoptados. Salvo que se decida o contrario, é competencia do Secretario Xeral:

a) Subscribir, en nome do Eixo Atlántico, documentos e contratos, públicos ou privados, necesarios para o desenvolvemento dos obxectivos da asociación no contexto do orzamento e do programa aprobados anualmente pola Asemblea Xeral e ata un límite de

200.000€ no relativo a contratos necesarios para a execución de programas financiados por fondos europeos.

- b) Autorizar e asinar pagamentos e ingresos, podendo recorrer a tódolos medios permitidos polas entidades bancarias e comerciais;
- c) Presentar proxectos ante organismos ou autoridades;
- d) Efectuar contratacións e despedimentos do persoal;
- e) Outorgar poderes xerais e especiais para avogados e procuradores no caso de conflitos, para comparecer ante xulgados e tribunais;
- f) Abrir e asinar correspondencia;
- g) Crear os servizos e comisións que considere necesario para o cumprimento dos fins das entidades no contexto do orzamento e do programa aprobados anualmente pola Asemblea Xeral;
- h) Subscribir acordos de cooperación específicos de carácter bilateral cos membros do Eixo Atlántico que resulten necesarios para a execución dos obxectivos fixados ou para atender as necesidades da entidade ou ben dos seus partícipes;
- i) Aprobar a elaboración conxunta de proxectos ou accións comúns, no ámbito dos programas e apoios da Unión Europea;
- j) Propoñer ao Presidente a lista de asuntos para a formación da orde do día de cada convocatoria de Asemblea Xeral.
- k) Propoñer á Comisión Executiva o borrador do programa de actuación e do orzamento anual e, no seu caso, executar tales propostas.
- l) Velar, supervisar e asegurar a execución das decisións adoptadas pola Asemblea Xeral e pola Comisión Executiva.
- m) Representar ao Eixo Atlántico no desempeño das súas funcións, en ausencia do Presidente ou Vicepresidente ou por delegación destes.

5. O Secretario Xeral participará nas Asembleas Xerais e Comisións Executivas en calidade de tal, con voz pero sen voto. Será tamén membro permanente de tódalas Comisións Técnicas que se poidan constituír.

Artigo 23º

Responsabilidade do Secretario Xeral

1. O Secretario Xeral será responsable civil, penal e administrativamente dos seus actos propios e dos acordos e resolucións que se adopten coa súa proposta polos órganos do Eixo Atlántico e respondesen a unha conduta negligente, culposa ou dolosa pola súa parte.
2. O Eixo Atlántico queda obrigado pola sinatura do Secretario Xeral dentro do ámbito das súas competencias.

Artigo 24º

Das Comisións Delegadas e das Comisións Técnicas

1. A Comisión Executiva poderá acordar a creación de Comisións Delegadas ou Comisións Técnicas co fin de desenvolver cuestión ou programas que, pola súa complexidade ou singularidade, requiran un estudo previo ou o seguimento das actividades realizadas.
2. As Comisións Delegadas estarán integradas por un representante de cada unha das cidades e entidades membros.
3. As Comisións Técnicas estarán constituídas por técnicos especializados nos respectivos temas, que serán elixidos directamente pola Comisión Executiva, dependendo directamente do Secretario Xeral, que presidirá as citadas Comisións.

Artigo 25º

Réxime do persoal

1. O Eixo Atlántico seleccionará ao seu propio persoal, que estará vinculado á entidade de conformidade coas modalidades vixentes na lexislación laboral vixente en cada país. Entre as diversas modalidades de contrato previstas na lexislación correspondente, será preciso recorrer ás que mellor se adapten ás necesidades concretas do Eixo Atlántico.
2. As relacións entre o Eixo Atlántico e os seus traballadores en España serán reguladas a través dun convenio colectivo propio e específico.

Artigo 26º

Os presentes Estatutos serán desenvolvidos polo Regulamento Interno que será elaborado pola Comisión Executiva e aprobado pola Asemblea Xeral.

Artigo 27º:

Lexislación aplicable aos procedementos relativos ao financiamento comunitario.

A lexislación aplicable para os procedementos de contratación relacionados cos procesos de financiamento comunitario será a lexislación nacional do país onde se tramite tal procedemento, aplicándose as regras do respectivo proceso.

Artigo 28º

Os casos omisos serán regulados polas disposicións legais aplicables.

3º.- Designar como representante da Deputación Provincial de Ourense na Asemblea Xeral do Eixo Atlántico ao presidente da Deputación Provincial ou deputado/a en quen delegue.

4º.- Aprobar o gasto correspondente ao pagamento da cota anual fixada na cantidade de 30.000 euros (sen prexuízo de que no ano 2021, e con carácter excepcional dada a crise e a previsible baixada dos ingresos municipais, a cota que será emitida será pola metade deste valor, 15.000 €.).

4º.- DELEGACIÓN DO CONCELLO DE MONTEDERRAMO NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN EN VOLUNTARIA E EXECUTIVA E REVISIÓN DE ACTOS DOS ACTOS DITADOS DA TAXA POLO ABASTECIMENTO DO DITO CONCELLO.

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Intervén para sinalar que o grupo socialista respecta a autonomía e decisión de cada concello, polo que votarán a favor da proposta.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación de competencias efectuada polo Concello de Montederramo a favor da Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 30 de novembro de 2020, para a xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva, así como a revisión dos actos da taxa polo abastecemento de auga domiciliaria nas condicións recollidas no acordo de delegación do Concello de Montederramo, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

- a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.

- b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións da relación de debedores dos últimos catro anos para os efectos de poder iniciar a recadación en executiva, así como, en relación ás débedas anteriores aos últimos catro anos certificación de que as débedas non están prescritas e indicará as diferentes datas de notificación da débeda en executiva, en relación ao tributo ou ingreso de dereito público ao que se refire.
- c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en voluntaria será a resultante de aplicarlles ás cantidades efectivamente recadadas de padróns, liquidacións, altas e outros ingresos non periódicos o tipo de gravame único do 5% e a taxa pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor tributario, conforme co establecido no artigo 6, apartados a) e b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.
- d) A presente delegación entrará en vigor unha vez aceptada pola Deputación Provincial, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia para xeral coñecemento. A presente delegación estará vixente por un período de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos iguais de catro anos se ningunha das partes manifesta expresamente a súa vontade en contra, comunicándoo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á súa finalización ou á de calquera dos períodos de prórroga.

5º.- DELEGACIÓN DO CONCELLO DA PEROXA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN EN VOLUNTARIA E EXECUTIVA E REVISIÓN DE ACTOS DE TRIBUTOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación de competencias efectuada polo Concello da Peroxa a favor da Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 20 de novembro de 2020, para a xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva (ICIO só executiva), así como a revisión dos actos ditados dos seguintes tributos e ingresos de dereito público:

- Imposto de bens inmobles (IBI)
- Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM)
- Imposto sobre actividades económicas (IAE)

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) en executiva
- Taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos.
- A recadación dos gastos derivados de execucións forzosas, ó abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985 de bases de réxime local e o artigo 106.3 da Lei de bases de réxime local,

Todo isto nas condicións recollidas no acordo de delegación do Concello da Peroxa, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

- a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
- b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións da relación de debedores dos últimos catro anos para os efectos de poder iniciar a recadación en executiva, así como, en relación ás débedas anteriores aos últimos catro anos certificación de que as débedas non están prescritas e indicará as diferentes datas de notificación da débeda en executiva, en relación ao tributo ou ingreso de dereito público ao que se refire.
- c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en voluntaria será a resultante de aplicarlles ás cantidades efectivamente recadadas de padróns, liquidacións, altas e outros ingresos non periódicos o tipo de gravame único do 5% e a taxa pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor tributario, conforme co establecido no artigo 6, apartados a) e b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.
- d) A presente delegación entrará en vigor unha vez aceptada pola Deputación Provincial, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia para xeral coñecemento. A presente delegación estará vixente por un período de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos iguais de catro anos se ningunha das partes manifesta expresamente a súa vontade en contra, comunicándoo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á súa finalización ou á de calquera dos períodos de prórroga.

6º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DOS CRÉDITOS ORZAMENTARIOS DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2021 MEDIANTE A CONCESIÓN DUN CRÉDITO EXTRAORDINARIO E DA MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO N.º 1/2021.-

A Sra. interventora expón o contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza súa intervención indicando que este expediente comprende dúas medidas totalmente distintas. A primeira a modificación do obxecto dunha subvención nominativa ao concello da Merca, cuestión esta que, a pesar de ir en contra deste tipo de subvencións lles parece correcta. A segunda é o préstamo participativo a favor de MEISA por importe de 498.349,64 €, indicando que non lles parece mal que se invistan cartos nesta infraestrutura, pero que actualmente se trata dun proceso e dunha xestión escurantista. Lembra que o catro de xaneiro se presentaron unha serie de preguntas sobre o expediente de contratación da xestión desta infraestrutura, en particular o procedemento de adjudicación e o prezo do contrato. A resposta recibida foi que se trasladaría a pregunta e se contestaría tan pronto fose posible polo consello de administración de MEISA, onde está esta Deputación, e aínda non teñen respostas. Insiste en que non coñecen o fin e o destino destes fondos provinciais, e que no pleno de outubro, no debate dunha moción do grupo socialista sobre o futuro desta infraestrutura, xa indicara que a pregunta era cando sería o seguinte préstamo participativo a favor desta mercantil, e que aquí temos a resposta. Engade que por respecto a este pleno, se debería facilitar máis información para poder debater e votar este asunto. Por todo o indicado sinala que o grupo do BNG se vai abster na votación deste punto.
- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza sinalando que no caso do cambio de destino dos fondos para o concello de Merca non teñen nada que dicir ao respecto, e que se trata dunha decisión municipal. No caso do préstamo participativo indica que xorden dúbidas, e que isto parece un pozo sen fondo e que parece que estamos perseverando no erro e que todo este investimento non se reflicte en beneficios para a comarca. Manifesta que se van abster neste punto para darlle unha marxe de confianza á nova empresa xa que parece que a intención e que sexa un revulsivo para a infraestrutura e se enfoque como unha estación de montaña e non só como unha estación de esquí.

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que o Grupo Socialista se vai abster. Respecto ao cambio de finalidade da subvención do concello da Merca maniféstanse a favor, pero con respecto ao préstamo participativo a favor de MEISA queren saber cal vai ser o seu destino, xa que non aparece en ningún dos documentos do expediente. Indica que desde o ano 2013 xa van seis préstamos participativos, unha subvención nominativa e unha ampliación de capital en MEISA, e isto tiña que ter maior impacto na comarca e sobre todo maior transparencia na xestión. Engade que esta mercantil ten débedas na comarca, e que isto debería servir para saldalas e para pagarlles aos quince traballadores que agora mesmo están nun ERTE. Seguidamente pregunta se é certo o rumor de que se vai externalizar a hostalería da estación e se existe información ao respecto. Sobre a adjudicación da xestión desta infraestrutura a ARTABRIA TURISMO sinala que se trata dunha empresa de nova creación hai apenas dez meses e sen experiencia na xestión, preguntando se é unha empresa galega ou panameña, xa que segundo a súa propia web todos os indicadores están neste país centroamericano. A única experiencia no sector na neve é a oferta de rutas con raquetas de neve, que isto é todo. Dito o anterior engade que é posible que o fagan ben e que deben aprender, e que ogallá sexa unha boa xestión para o futuro da estación. A continuación pregunta se houbo máis empresas que optaron a esta nova adjudicación e se esta empresa cumpre as condicións que se esixían no prego de condicións do procedemento aberto que quedou deserto. Por último pregunta por que esta estación estivo pechada no verán e por que non se abriu nas semanas pasadas cando houbo unha nevada case que histórica e lembra que o sistema de innivación artificial aínda non se empregou esta tempada. Remata pedindo un plan director para a comarca, solicita que os provedores da estación sexan da comarca e piden novamente acceso aos expedientes de contratación desta sociedade participada pola Deputación.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza sinalando que centrándose na orde do día, esta modificación de créditos do orzamento provincial refírese á concesión do préstamo participativo a MEISA, financiado con cargo ao remanente de tesourería do orzamento de 2020, todo isto para garantir a viabilidade desta infraestrutura e o seu impacto na comarca e na provincia. Engade que no pleno de outubro de 2020 todos os grupos coincidiron no innegable apoio que se lle debe dar a esta infraestrutura, e na necesidade de enfocala cara a súa desestacionalización e convertela así nunha estación de montaña aberta todo o ano, e non só nunha estación de esquí. Lembra que o procedemento aberto para a

adxudicación da xestión quedou deserto por incumprimentos dos licitadores nos pregos e que a nova adxudicación é a favor dunha empresa galega e especializada no turismo deportivo e sostible. Respecto á modificación referida ao concello da Merca, sinala que debe abordarse desde o respecto á autonomía local e como xa se dixo, non hai nada que obxectar.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza sinalando que ninguén se está desviando da orde do día, senón que se está a tratar o asunto de maior importancia, que é o destino deste préstamo participativo. Sinala que o discurso do voceiro do Grupo Popular se repite en todos os plenos nos que se trata o asunto destes préstamos á MEISA, e que estando de acordo no apoio a esta infraestrutura e á comarca, quedan moitas preguntas no aire, como se esta nova empresa cumpre o prego de condicións da licitación. Insiste en que as preguntas formuladas en tempo e forma polos grupos da oposición aínda non tiveron resposta e que a transparencia na xestión dos fondos públicos debe ser innegociable, motivo polo que o seu grupo se vai abster na votación deste punto da orde do día.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Toma a palabra para insistir nos motivos desta abstención, e di que a ver se desta vez se pode garantir a viabilidade das instalacións deste infraestrutura tan importante para a comarca e a provincia.

- 2ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que non debe esquecerse que máis do 49 % do accionariado de MEISA é de titularidade provincial e outro tanto de titularidade da Xunta de Galicia polo que é totalmente lóxica e entendible a solicitude de información que fan os diferentes grupos da oposición, e que agarda que as preguntas formuladas, cando se poida, sexan contestadas. Seguidamente realiza a petición de que os concellos de Manzaneda e de Trives volvan ao consello de administración de MEISA, lembrando que en casos similares como Sierra Nevada ou Aramón, todas as administracións, concellos incluídos, están presentes nos respectivos consellos de administración. Por último pide que se actualice a páxina web da estación de Manzaneda, que ten uns contidos moi pobres.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Sinala que todas as achegas feitas polo goberno provincial tiñan e teñen un obxectivo claro que é garantir a viabilidade desta infraestrutura, e para o futuro tratarase de encher esta estación, con neve e sen neve, é dicir, todo o ano, para que sexa un referente turístico, deportivo, gastronómico etcétera. Agarda que a nova xestora responda ás expectativas creadas e entende que desde MEISA se facilitará a información reclamada polos diferentes grupos políticos provinciais.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e da deputada de Cs (a distancia) e a abstención do Grupo Socialista (9), de DO (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación de créditos n.º 1/2021 do expediente e das bases de execución, co seguinte detalle:

CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS DE INVESTIMENTOS

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE
433.00/831.00	Desenvolvemento empresarial. Préstamo a longo prazo	498.349,67 €

RECURSOS UTILIZADOS

Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	498.349,64 €
--	---------------------

2º.- Aprobar a modificación, no que se refire á especificación do capítulo VII de gastos, consistente nas seguintes variacións que non afectan cuantitativamente ao orzamento xeral do exercicio 2021:

a) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” dos orzamentos de 2021, nas bases de execución aparece unha subvención nominativa ao **Concello da Merca** para a “Reparación en vías municipais” por importe de 35.000 euros.

O Concello da Merca en data 10 de setembro de 2020, con entrada no rexistro electrónico da Deputación o 12 de xaneiro de 2021, informa que no mes de setembro se produciu a rotura dos motores de bombeo na subministración domiciliar de auga no municipio, sen que o Concello poida atender con recursos propios a dita circunstancia excepcional.

Por mor da causa mencionada, acórdase o cambio do obxecto da subvención especificada nas Bases de execución dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021, pasando a denominarse **“Arranxo do bombeo da ETAP de Rubillós no Concello da Merca”**

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello da Merca	Arranxo do bombeo da ETAP de Rubillós no Concello da Merca	35.000,00 €

3º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

7º.- RECTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN INICIAL DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2021

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Toma a palabra para indicar o voto favorable de DO a este punto da orde do día.

- 1ª intervención Susana Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Intervén para deixar claro que a culpa desta rectificación non se lle pode botar e ningún dos cinco concellos beneficiarios e que os cinco presentaron a documentación en tempo e forma. Seguidamente pregunta porque o ditame da comisión informativa non está aínda incorporado ao expediente administrativo, anunciando o voto favorable do grupo socialista.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Rectificar o importe do Plan complementario, incrementándose en 48.000 euros o importe destinado a obras municipais e reducíndose no mesmo importe o destinado á rede viaria, debido a existencia dun erro na inclusión dunha obra

2º.- Acordar a inclusión no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2021, tanto principal como complementario, das actuacións solicitadas en tempo e forma polos concellos de Leiro, Manzaneda, Ourense, San Xoán de Río e Vilar de Barrio, resultando o seguinte cadro de financiamento:

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN E ESTRADAS			
	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
1.- Obras municipais	3.258.135,75 €	1.129.247,08 €	4.387.382,83 €
2.- Adhesión á base 9ª	1.252.364,25 €		1.252.364,25€
3.- Rede Viaria Deputación	1.500.000,00 €		1.500.000,00 €
TOTAL	6.010.500,00 €	1.129.247,08 €	7.139.747,08 €

PLAN COMPLEMENTARIO			
	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
Obras municipais	2.056.000,00 €	146.114,90 €	2.056.000 €
Rede Viaria Deputación	6.315.296,00 €		6.315.296,00 €

9º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A GRATUIDADE DOS APARCAMENTOS PÚBLICOS DO CHUO PARA PACIENTES CON TRATAMENTOS CRÓNICOS OU DE LONGA DURACIÓN.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista, para que expoña o contido da moción:

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Rafael Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que esta petición xa é reiterada polo Grupo Socialista, e que a situación actual de pandemia e de crise aínda agrava máis a situación, se cabe, das persoas afectadas. Lembra que o seu grupo non tivo moito éxito en mocións similares traídas a este pleno, se ben o grupo de goberno adoptou no anterior estado de alarma de marzo de 2020 a gratuidade das instalacións do aparcamento de titularidade provincial do 9 de abril ao 3 de maio, grazas ao que a empresa concesionaria obtivo un bo beneficio xa que deixou de aboar o canon anual da concesión. Entende que seguindo a mesma filosofía debería adoptarse unha medida similar neste novo estado de alarma, e a moción que se trae pide xustiza coas persoas con doenzas crónicas e que requiren de atención continuada, e piden a gratuidade para este colectivo no aparcamento provincial e instar á Xunta para que faga o mesmo no aparcamento de titularidade autonómica. Respecto ás dúbidas que se manifestaron na comisión informativa, entende que a petición é moi clara e xusta, e que non afecta aos datos persoais xa que se poden empregar as propias tarxetas sanitarias. A continuación pon como exemplo a xente que acude a diálise, que vai 3 veces á semana e bota no complexo hospitalario en torno a cinco horas, calculando que pode supoñer en torno a 150 euros semanais por usuario. Incide en que lles gustaría unha gratuidade xeral como ocorre nos hospitais de Lugo ou Vigo, pero que esta petición é moito máis modesta e que non existe razón que poida xustificar non apoiar esta moción. Pon como exemplo como a asociación Alcer, negociando directamente coas concesionarias doutros aparcamentos conseguiron prezos moi beneficiosos para os seus asociados e sen ningún tipo de apoio institucional, pero non en Ourense, polo que conclúe que este tipo de acordos son aínda máis factibles desde institucións como a Deputación ou a Xunta.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza sinalando que o seu grupo vai votar a favor desta moción. Seguidamente lembra como nos últimos anos se modificaron os prezos públicos desta infraestrutura provincial e sendo incluso gratuítas durante un período da pandemia como xa se dixo, e entendendo tamén que nun acordo favorable para a empresa concesionaria. Engade que se se toman medidas para compensar á empresa concesionaria lle gustaría que se informase aos grupos políticos na comisión informativa e lembra que a baixada dos prezos ven causada pola competencia que supón o novo aparcamento no CHUOU.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Sinala que hai casos en que o prezo do aparcamento se pode converter nunha importante carga para determinadas persoas ou familias

que teñen que pasar longas temporadas no complexo hospitalario. Sinala que van votar a favor desta moción, se ben lle ven algún problema para levala á práctica como pode ser o feito de que os datos médicos son datos persoais e especialmente protexidos, e que a empresa os coñecería. Igualmente ven ambigüidade no concepto indeterminado de “longa duración”. A pesar destas obxeccións indica que o grupo de DO votará a favor desta moción.

- 1ª intervención Rosendo Fernández (grupo do PP): Comeza sinalando que como xa dixo o seu grupo na comisión informativa, se trata dunha moción pouco concretada. Nese sentido pide que se aclare como se coñecería esa doenza crónica a través da tarxeta sanitaria, e matiza que a maior parte dos doentes, por exemplo os de diálese, acoden en transporte sanitario. Ademais di que non entende como se chega á cantidade estimada de 150 euros para estes pacientes de acordo coas actuais tarifas vixentes no aparcamento, lembrando que o aparcamento provincial do CHUOU é o que ten as tarifas máis baratas de Galicia. A continuación sinala que, a pesar diso, o Grupo Popular vai votar a favor desta moción, se ben pide que se lle aclaren as cuestións solicitadas ao proponente da moción. Seguidamente indica que no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, Alcer e a Consellería de Sanidade acordaron cinco prazas xestionadas por esta asociación, para os enfermos oncolóxicos existen bonos para aparcarse, como tamén sucede xa no Hospital de Ourense. Volve insistir en que se lle aclare como se garantiría a confidencialidade das persoas deste colectivo.

- 2ª intervención Rafael Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza agradecendo o apoio de todos os grupos a esta moción do Grupo Socialista. Respecto á confidencialidade dos datos persoais lembra que está é unha petición voluntaria e que se Alcer puido acadar acordos neste mesmo sentido como non o vai conseguir unha administración pública. En canto ao sistema de posta en marcha desta iniciativa entende que debe contarse coa vontade da empresa concesionaria provincial, que ten liña directa co goberno provincial, e coa empresa concesionaria do SERGAS. Respecto ao custo do aparcamento do CHUOU indica que son datos facilitados por Alcer, e que o importante é que esta moción se leve a cabo, co acordo de todos os grupos e para axudar á xente que máis o precisa.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Ratifica o apoio á proposta do Grupo Socialista e se congratula do acordo unánime de todos os grupos, pódose a disposición para poder axudar no que sexa requirido para a súa posta en marcha.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Igualmente reitera o voto favorable, insistindo en que os datos especialmente protexidos deben ser tratados coa máxima

confidencialidade, podo como exemplo os datos das persoas infectadas polo COVID-19, polo que reitera que é unha cuestión delicada que haberá que solucionar cando se poña en marcha esta medida.

- 2ª intervención Rosendo Fernández (grupo do PP): Insiste en que o voceiro socialista non lle aclarou ningunha das súas dúbidas, sobre a identificación deste colectivo coa tarxeta sanitaria e sobre a confidencialidade dos datos médicos. Respecto do suposto acordo tan beneficioso para a concesionaria durante abril e maio de 2020, explica que a empresa xa non quixo renovar este acordo cando se lle formulou desde o grupo de goberno, polo que tal beneficio non debe ser tal. Insiste en que en todo caso van votar a favor desta moción, se ben advirte da dificultade da súa posta en marcha e en particular co tratamento dos datos médicos.

- quenda de peche Rafael Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Conclúe sinalando que se trata dun acordo de mínimos e que os colectivos afectados o agradeceran enormemente. Lembra novamente que o concello de Vigo fixo un aparcamento gratuíto con 400 prazas no hospital Álvaro Cunqueiro, e que no Hospital de Lugo se fixo algo parecido desde o concello desta cidade no hospital Lucus Augustu. Remata agradecendo o voto favorable de todos os grupos políticos da corporación provincial.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Que a Deputación de Ourense habilite prazas de aparcamento libres e gratuítas no aparcadoiro da súa titularidade situado na contorna do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO), destinadas a persoas que estean a recibir tratamentos médicos para enfermidades crónicas ou de longa duración.

2º.- Instar á Xunta de Galicia a que habilite prazas de aparcamento libres e gratuítas no aparcadoiro da súa titularidade situado nos sotos do Hospital Universitario do Complexo Universitario de Ourense (CHUO), destinadas a persoas que estean a recibir tratamentos médicos para enfermidades crónicas ou de longa duración.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA IMPLANTACIÓN NA PROVINCIA DE OURENSE DUN PARQUE EMPRESARIAL EXCLUSIVAMENTE VINCULADO AO SECTOR AGROALIMENTARIO.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Toma a palabra para dar lectura á moción presentada polo Grupo Socialista. Lembra que ao longo dos últimos anos foron moitas as mocións aprobadas polo pleno desta Deputación dos que só unha escasa parte chegan a materializarse. Sobre os acordos non executados lembra un ao que hai que retrotraerse ao ano 2014, onde houbo unha primeira iniciativa para impulsar un parque empresarial na provincia vinculado ao sector agroalimentario. Engade que nos anos 2016 e 2017 tamén houbo propostas nese sentido, como por exemplo a creación da zona franca de Ourense. Estas propostas ocuparon titulares de prensa e foron recollidas nos programas electorais e nos plans de mandato deste grupo de goberno. Insiste en que o grupo socialista sempre se manifestou a favor e incluso propuxo esta iniciativa, pasando a enumerar datos sobre a importancia do sector agroalimentario na provincia de Ourense. Por último lembra as propostas de acordo da moción, que son deseñar coordinadamente con outras administracións públicas e co sector privado a implantación na provincia dun parque empresarial exclusivamente vinculado ao sector agroalimentario, instar ao presidente da Deputación a que cumpra o estipulado artigo 61 do ROF e na LRBRL respecto de facer cumprir os acordos da Deputación Provincial.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza sinalando que van apoiar esta moción, lembrando que desde o seu grupo político un dos principais obxectivos é o apoio aos sectores primarios por fundamentais para o desenvolvemento do rural galego. Lembra que xa no goberno bipartito da Xunta de Galicia fora presentado un proxecto similar a este que se propón no Val da Rabeda cunha parte moi significativa dedicada a este sector. Sinala que o compañeiro Carballido leva anos clamando no deserto sobre unha iniciativa similar nesta provincia. Conclúe amosando o seu apoio a esta proposta.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Lembra que no mandato pasado o grupo provincial de DO xa presentara unha moción similar e aínda máis concreta, xa que incluso indicaba unha posible localización. Sinala que van apoiar a moción, aínda que non precise nin onde, nin cando nin como. Neste sentido lembra a riqueza que temos en Galicia neste sector e agarda que se concrete máis a proposta da moción.

- 1ª intervención Ana Villarino (grupo do PP): Comeza a súa intervención amosando a súa sorpresa polo feito de que a maior parte do texto da moción se desvíe do título e das propostas

que nela se conteñen. Neste senso indica que as referencias ao programa electoral e ao plan de mandato do grupo de goberno non fai máis que amosar a falta de iniciativas do Grupo Socialista, do que unha mostra máis é a súa reiterada ausencia do pleno sobre o estado da provincia. Engade que o Grupo Popular vai apoiar esta iniciativa, lembrado o importante peso deste sector na economía e no emprego da provincia en xeral, e dalgunhas comarcas en particular. Sinala que esta proposta xa foi presentada polo Grupo Popular, e que a crise consecuencia da pandemia da COVID-19 é unha das principais causas de que non se materializase. Seguidamente lembra o importante papel que fai o INORDE apoiando ao sector agroalimentario na provincia.

- 2ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Indica que hai que ter bastante “cara” para vir a este pleno e facer o discurso que acaba de facer a voceira do Grupo Popular. Sobre as propostas da moción do seu grupo indica que a esta é unha auténtica necesidade para este sector na nosa provincia e que levamos moitos anos de retraso con respecto a outras zonas do territorio nacional. Seguidamente reitera o incumprimento dunha moción similar do Grupo Popular aprobada no ano 2014, ou a promesa similar do presidente formulada no ano 2015 durante un mitin electoral no concello de Laza. Posteriormente o pleno aprobou unha proposta do Grupo Popular de crear a “marca Ourense”, tamén incumprida polo goberno provincial. No plan de mandato do grupo de goberno figura en termos similares a proposta “saborea Ourense”, incumprida tamén. Remata dicindo que a idea é estupenda, que leva máis de sete anos aprobada, pero o grupo de goberno non fixo absolutamente nada por cumprila, e que é un problema de falta de vontade política do grupo de goberno. Engade por último, que postos a pedir, unha localización idónea sería a carón do parque empresarial de Xinzo de Limia.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Reitera o apoio do grupo do BNG á proposta, que debería ser un precursor fundamental para esta iniciativa, á parte do sector, a Xunta de Galicia, e que a Deputación debe promovelos, dispor fondos se fose necesario, e incluso reclamar o apoio do goberno do Estado, sen esquecer que a competencia principal é da Xunta de Galicia.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Reitera o seu voto favorable, indicando que ante situacións de crise o sector primario debe ser o máis resiliente, e que a existencia dun sector primario forte é fundamental para a economía e máis no caso da nosa provincia que ten un sector primario puxante.

- 2ª intervención Ana Villarino (grupo do PP): Remata indicando que non está mal que o Grupo Socialista aproveite as propostas doutros grupos políticos para facelas súas, que van apoiar esta moción e reitera a importancia que ten e que ten que ter o sector primario para a economía da provincia. Por último indica que unha boa localización podería ser tamén o concello de Oímbra.

- quenda de peche (grupo do PS de G-PSOE): Agradece o voto favorable de todos os grupos políticos e insta ao grupo de goberno a cumprir o acordo que se adopte, o cal non pode demorarse máis, por ser transcendente para o futuro da provincia.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Deseñar, coordinadamente con outras administracións públicas e co sector privado, a implantación na provincia de Ourense dun parque empresarial exclusivamente vinculado ao sector agroalimentario.

2º.- Instar ao presidente da Deputación Provincial de Ourense a que cumpra o estipulado no punto 21, artigo 61, do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, como tamén co recollido na letra n, punto 1, do artigo 34 da Lei de bases do réxime local, nos que se indican, entre as funcións do presidente da Deputación, “*facer cumprir os acordos da Deputación*”, con especial atención a todos aqueles que contaron con apoio unánime.

11º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A XESTIÓN DE RESIDUOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que defenda o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza a intervención sinalando que no horizonte do 2020-2025 esta administración ten que afrontar a normativa europea na xestión de residuos e facerlles fronte ás consecuencias do cambio climático, o que sen dúbida vai supoñer o cambio no modelo na xestión dos residuos nesta e da maior parte das administracións. O consello europeo ven de adoptar unha serie de medidas que van ser de

obrigado cumprimento e que inciden na reciclaxe e na reutilización: antes de 2025 o 55%, antes de 2030 o 60 % e antes do 2035 o 65%. Os estados membros deben establecer con data límite o un de xaneiro de dous mil vinte e cinco unha recollida separada de téxtiles e residuos perigosos dos fogares e garantir antes do trinta e un de decembro de dous mil vinte e tres a recollida separada dos residuos orgánicos ou a súa reciclaxe en orixe. Na nosa provincia a dispersión poboacional fai moi difícil a opción da implantación do quinto contedor. A normativa europea impón tamén que os residuos municipais xa non se admitirán tampouco nos vertedoiros. Lembra que o modelo de SOGAMA, centralizado e baseado na incineración, é inadmisíbel ambientalmente e vai selo legalmente pola nova normativa que entrará en vigor nos próximos anos. Consonte co indicado sinala que a Deputación debe abordar un novo plan sobre o modelo de xestión dos residuos, avanzando nunha xestión non centralizada, e na compostaxe de proximidade. Neste caso pon como o exemplo o “plan revitaliza” da Deputación de Pontevedra, referente a nivel europeo e incluso internacional. Sobre o actual modelo desta Deputación sinala que ten amosado que a xestión directa e pública deste servizo é posible, xustificando precisamente esta xestión unha das razóns da existencia desta Deputación, ao igual que sucede coa xestión do servizo de intervención en emerxencias e contra incendios. Engade pois, que non ten ningún sentido que o grupo de goberno se formule cambiar o modelo público na xestión deste servizo que funciona razoablemente ben. Por último dá lectura ás propostas de acordo da moción, que instan ao goberno provincial a comprometerse a manter o carácter público do servizo e implantar unha estratexia multiterritorial para repensar o servizo e aplicar un modelo de xestión descentralizado e de proximidade e instar á Xunta de Galicia a rachar co modelo de SOGAMA e que esta planta se limite ao 20 % do total dos residuos.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Adianta que nesta moción se van abster, engadindo que están de acordo coa maioría das afirmacións da súa exposición de motivos. Engade que a UE está decidida a dar un paso á fronte neste campo da xestión dos residuos e que a normativa dos próximos anos vai supoñer novas obrigas administrativas moi importantes. Sen prexuízo do anterior, indica que hai un gran salto cando se len as propostas de acordo, e que o seu partido non acepta como dogma de fe a necesidade da xestión pública, xa que é unha cuestión complexa que depende de moitos factores, e tampouco están moi de acordo coa demonización que se fai do modelo de xestión de SOGAMA. Polas razóns indicadas o seu voto será a abstención.

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Comeza adiantando que van apoiar esta moción e que contén moitas iniciativas que urxe adoptar. Sobre o servizo de xestión dos residuos indica que debe ser de xestión pública pola razón de que o fin primordial debe ser a redución do lixo e dos seus efectos e non está soamente na xestión do gasto. A continuación engade que tamén lle parece moi acaída a proposta de fomentar a compostaxe de proximidade, pondo igualmente en valor o modelo “revitaliza” da Deputación de Pontevedra que sería extrapolable a esta provincia, se hai vontade, tanto na liña da compostaxe individualmente doméstica como na liña de compostaxe comunitaria, pensada para o medio urbano. Sobre o modelo de SOGAMA indica que vai ter que ser mudado en todo caso polas esixencias da nova normativa comunitaria. Por último, en liña co dito na moción, insta ao grupo de goberno a actualizar os enlaces da web provincial destinados a “Ourense provincia sostible” ou “Ourense composta”, xa que ou ben están sen actualizar ou directamente non teñen contido ningún.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Comeza a intervención indicando que hai cousas que se poden compartir da moción do BNG, como é toda a parte relativa ás novas obrigas derivadas da normativa da UE. Igualmente está de acordo coas referencias á dispersión poboacional na provincia e de que o sistema de xestión directa está a funcionar razoablemente ben, se ben matiza que a intención do equipo de goberno é que funcione aínda moito mellor, polo que en moitos aspectos consideran que se pode e se debe variar o modelo de xestión. Engade que hai outras afirmacións na moción que non comparte e que incluso se poderían cualificar de demagóxicas. Seguidamente pasa a matizar que a titularidade do servizo seguirá sendo pública, e que isto non debe confundirse con que determinadas prestacións se executen en colaboración ou por medio dun terceiro, para así facilitar a adaptación ás esixencias normativas ou a capacidade inversora e innovadora. A continuación engade que a formula pensada pasa por un contrato de servizos de determinadas prestacións, que non todas, e que traerá beneficios para a propia Deputación, os concellos e a veciñanza da provincia. Sobre o programa de compostaxe da Deputación provincial en colaboración con SOGAMA indica que se está levando a cabo todos os anos, sen prexuízo de que a páxina web non estea actualizada, e que en todo caso o novo modelo seguirá apostando pola compostaxe.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Indica que a Deputación debe repensar a idea de cambiar o modelo de xestión, xa que ao estar o servizo na man da administración, se o privatizamos, vai estar moi mediatizado polo compoñente mercantilista. A liña marcada pola

UE é de obrigado cumprimento e hai que poñer nesta provincia a maquinaria a funcionar para cumprir os obxectivos e incluso superalos, e que a dispersión de poboación, especificamente na fracción orgánica, incluso pode ser unha oportunidade e potencialidade para a súa xestión. Coa gran cantidade de núcleos que temos na provincia é innegable que hai que apostar pola compostaxe, con investimentos en concienciación e seguimento. Engade que modelos como o de SOGAMA están en declive en Europa e a nova normativa vai incidir negativamente nel. Por último insta a que se reflexione sobre o cambio de modelo de xestión e a que se manteña o modelo público de xestión.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Manifesta que as peculiaridades da nosa provincia deberían ser tidas en conta, pero que a normativa comunitaria é moi xeral e apenas establece distinción entre territorios, polo que en moitos aspectos resulta difícil de cumprir. Sobre o cambio de xestión, en particular no relativo á xestión do persoal, indica que é consciente da súa complexidade, e máis nunha situación de pandemia como a actual. Como conclusión, e posto que comparten partes da moción pero non todas as propostas de acordo, absteranse na votación deste punto.

- 2ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Comeza insistindo na defensa do modelo de compostaxe polo Grupo Socialista, que incluso leva consigo aforro económico. Remata insistindo en que outras provincias e outras rexións de Europa xa nos levan moita vantaxe na xestión deste servizo e na súa adaptación ás esixencias da normativa ambiental da UE.

- 2ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Reitera o carácter público do servizo, non así da súa xestión. Seguidamente relata brevemente o plan revitaliza da Deputación de Pontevedra, indicando que non pode compararse con esta Deputación polo seu orzamento, o da propia deputación e o número de concellos. Neste punto indica que a comparación deba facerse sobre os resultados, e que estes no caso de Pontevedra non son tan satisfactorios. Así indica que, segundo os datos de SOGAMA, a provincia de Pontevedra non ten reducido o número de toneladas enviadas a SOGAMA, fronte á redución que si amosan as outras tres provincias. Sobre o modelo SOGAMA indica que é un referente a nivel nacional e incluso europeo, sen prexuízo de que algunha das súas plantas poidan ser melloradas, e que incluso este modelo está a reducir o transporte de residuos por estrada. Remata insistindo en que se buscará a xestión máis eficiente do servizo, pero que este servizo continuará a ser público.

- quenda de peche Bernardo Varela (grupo do BNG): Incide en que SOGAMA recicla só un

13 % dos residuos, polo que é un modelo que é dificilmente defendible dende o punto de vista da xestión ambiental. Respecto ao cambio de modelo de xestión pon como exemplo o cambio que se está a producir nos servizos xestionados polo consorcio contra incendios e de salvamento, e que antes de privatizar debe terse un modelo claro de como conseguir os obxectivo de redución da cantidade de lixo a producir e de reciclar e reutilizar o ciclo xerado, pondo como referencia aos concellos de Cataluña, governe quen governe en cada un, onde xa se están acadando os obxectivos da normativa da UE.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que queda rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e do Grupo Socialista (9), o voto en contra do Grupo Popular (12) e da deputada de Ciudadanos (a distancia) e a abstención de Democracia Ourensana (2).

8º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA SOBRE A ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE AO PACTO ANTITRANSFUGUISMO E AO PACTO POLA ESTABILIDADE INSTITUCIONAL, ASÍ COMO Á DECLARACIÓN INSTUCIONAL DA FEMP.-

O Sr. presidente cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoñan o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza a intervención para indicar que pretende facer pulo dun acordo acordado por unanimidade no seo da FEMP e que trae a súa orixe no pacto antitransfuguismo. Na súa orixe tratábase de evitar a fraude ao electorado cando persoas que concorían a unhas eleccións baixo unha siglas deixan de pertencer a elas. O acordo da FEMP ven darlle ao suxeito político que presenta as candidaturas a derradeira palabra para decidir quen o representa e quen non, e indica que aquelas persoas que sexan declaradas tránsfugas non poden ver mellorada a súa situación política nin económica, nin o grupo de orixe ver prexudicada a súa polo abandono desas persoas. O dito manifesto tamén sinala que os cargos electos en segundo grao, como os deputados provinciais, poderían ser removidos do seu posto ao non ser cargos de elección directa. Remata indicando que a

proposta de acordo é a de manifestar a adhesión da Deputación de Ourense ao Pacto Antitransfuguismo e ao Pacto pola estabilidade institucional así como á Declaración Institucional da FEMP do 16 de decembro de 2020, na que se destaca a ampliación da definición de tráfuga e reforzan as facultades de actuación fronte as persoas que incorran en prácticas tránsfugas, para a súa aplicación aos membros das entidades locais.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza sinalando o seu respaldo a esta moción, e lembra que no verán de 2020 o BNG trouxo unha moción similar polos casos dos concellos de Castrelo de Miño e Viana do Bolo, e que non foi apoiada nin polo PP nin por DO. Neste sentido indica que ambos grupos chegan tarde e que o transfuguismo na provincia xa estaba aí, polo que entende que o grupo do PP se vota a favor deste acordo adoptará decisións ao respecto neses concellos.

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que o que non podemos é facernos trampas ao solitario, apoiando esta moción pero actuando en contra dela. Engade que o Grupo Popular está en minoría e que por esa razón está a votar a favor de moitas iniciativas neste pleno. Sinala que o Partido Popular de Ourense incumpre sistematicamente estes pactos e manifestos da FEMP, e que este verán xa fixo un “tour” de mocións de censura con tránsfugas, como en Castrelo de Miño ou Viana do Bolo. Esta cuestión debería estar moito máis regulada pola lei e que incluso debería ser delito, e que en opinión do Grupo Socialista non existirían tránsfugas se non houberse quen os mercase. Indica que é unha realidade palmaria que o Partido Popular de Ourense é dos que máis merca aos tránsfugas, aínda que voten a favor desta moción para quedar ben coa veciñanza e sobre todo porque xa non teñen a maioría neste pleno da Deputación.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Sinala que o Grupo Popular votará a favor da moción, e que o seu grupo está a favor deste pacto e manifesto da FEMP. Engade que estaba claro que os grupos do BNG e o Grupo Socialista ían a aproveitar esta moción para sacar o tema das mocións de censura de Castrelo e Viana. Comeza sinalando que as mocións de censura son perfectamente legais, e así o corroboraron as secretarías municipais de ambos concellos. En ningún deses concellos había cambio de goberno, e que unha vez publicada a sentenza do TS en novembro de 2020, en ambos concellos se deu cumprimento a ela, igual que se fixo nesta Deputación co deputado J. Miguel Caride.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Volve incidir en que esta moción unicamente se fai eco do manifesto aprobado no seo da FEMP, e que nela se insta a novos cambios na normativa de réxime local para defender a estabilidade institucional e non consentir fraudes ao electorado, nin a obtención de beneficios polas persoas tránsfugas, e que en todo caso os lexítimos representantes dun partido son os que se manteñen fieis ás súas siglas.
- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Indica que o problema real é que o pacto antitransfugismo en ningún momento indica que esta xente que quebranta a vontade popular se teña que ir para a súa casa, e que os casos de Viana e Castrelo son moi claros, xa que en ambos casos os tránsfugas recibiron beneficios políticos, económicos e incluso a alcaldía. Seguidamente insta ao Grupo Popular a emendar a situación que se produciu neses dous concellos e renunciem aos postos que ocupan por un claro caso de transfugismo. Remata dando a benvida a DO a este pacto, xa que hai cinco meses votaran en contra dunha moción similar do BNG.
- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que o voceiro do Grupo Popular non quere entrar a discutir este asunto porque saben que non teñen ningunha razón. O Grupo Popular, en meses pasados facía mocións de censura con tránsfugas, e agora van votar a favor desta moción porque xa non ten maioría. Respecto á afirmación que fixo de mercadeo, manifesta que hai casos de persoas que participaron nesas mocións de censura e que elas mesmas ou familiares empezaron a traballar nesta Deputación, e que esta situación é facilmente demostrable. Como outra mostra engade que o presidente da Deputación recibiu antes neste mandato a alcaldes tránsfugas ou alcaldes con votos de tránsfugas, que a outros alcaldes ou alcaldesas lexítimamente elixidos. Por último indica que en ocasións as mocións de censura son perfectamente legais e sempre que non haxa eses mercadeos. Remata indicando que o alcalde de Ribadavia, por agora, e deputado do Partido Popular se dedica tratar con datos persoais con motivo do cribado do SERGAS recentemente feito nese concello.
- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Incide en que a moción de censura é un mecanismo perfectamente legal e recollido no artigo 197 da LOREG para as corporacións locais, e que incluso a empregou o propio PSOE para derrocar ao goberno de Mariano Rajoy en Madrid.
- quenda de peche Armando Ojea (grupo de DO): Agradece o voto favorable de todos os grupos da corporación provincial.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo: Manifestar a adhesión da Deputación de Ourense ao Pacto Antitransfuguismo e ao Pacto pola estabilidade institucional así como á Declaración Institucional da FEMP do 16 de decembro de 2020, na que se destaca a ampliación da definición de tráfuga e reforzan as facultades de actuación fronte as persoas que incorran en prácticas tráfugas, para a súa aplicación aos membros das entidades locais.

12º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

13º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das relacións de decretos do mes de decembro de 2020.

Os membros da Corporación quedan informados.

14º.- ROGOS E PREGUNTAS: Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta sobre a adxudicación na data 30.12 2020 por MEISA da xestión da estación de inverno de Manzaneda, preguntando cal foi o procedemento de contratación, onde se publicou, se é público o expediente e se a empresas cumpre as condicións para ser contratista.

A Presidencia contesta que esta pregunta foi trasladada ao consello de administración de MEISA e que tan pronto se teña resposta, será trasladada ao grupo do BNG.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta sobre unha recente sentenza do xulgado do contencioso-administrativo núm. 2 de Ourense que condena á Deputación a aboarlle a un particular máis de 193.000,00 € en concepto de subministracións de mobiliario urbano e ordena deducir testemuña ao ministerio fiscal por se se incorrese nun delito de prevaricación nesas datas en que presidía a Deputación o señor Baltar Pumar. Pregunta sobre que valoración se fai desta sentenza, se se ten realizado algunha acción de control ao actual goberno nos procedementos de contratación e se se pode dar traslado do expediente.

A Presidencia contesta ter o máximo respecto aos pronunciamentos xudiciais, se ben matiza que a sentenza aínda non é firme e que os servizos xurídicos están estudando a posibilidade

do seu recurso. Sobre as accións de control de legalidade nos procedementos de contratación pasa a dar lectura ao informe da xefa da sección de contratación onde se indica que todos os expedientes están sometidos a informe e fiscalización da intervención provincial e a informe da secretaría, e que nos contratos menores se comproba o cumprimento dos requisitos do artigo 118 da LCSP e as vixentes bases de execución do orzamento. Respecto á subministración de bancos e marquesiñas aos concellos indica que a Xunta de Goberno en data 24.05.2013 aprobou as bases de cooperación en materia de entrega e instalación deste mobiliario, as cales constan publicadas no BOP. Remata indicando que o expediente está a disposición na área de Transparencia da Deputación.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta cantas veces tivo a Deputación que acudir a modificacións de crédito para destinar cartos a MEISA, a canto ascenden estas e se se ten avaliado o seu retorno na provincia.

A Presidencia dá lectura ao informe da intervención, do que se entregará copia, onde se aclara que desde 2015 as achegas da Deputación o foron por importe de 4.247.205,92 €, os cales pasa a desagregar por anualidades. Sobre a valoración sobre o retorno e a valoración de MEISA pasa a dar lectura a un novo informe onde se conclúe o aumento do número de visitantes ano tras ano á nosa provincia, se ben en 2020 verase afectado pola crise da pandemia. A estratexia provincial de turismo pasa pola natureza e polo termalismo, para seguidamente explicar como foi a entrada no accionariado da estación de MEISA e enumerar a maior parte dos investimentos alí realizados e para que dedicaron estes.

- Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta sobre o estudo económico realizado polos servizos técnicos da Deputación no expediente de contratación do servizo de abastecemento, saneamento e sumidoiros no concello de Leiro, do ano 2015, do que solicita copia.

A Presidencia contesta que está á súa disposición na área de Transparencia da Deputación.

- Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta sobre unhas manifestacións do alcalde de Beade e exdeputado provincial no que manifestaba que “aos do PSOE que lles den por el culo”, preguntando a valoración que fai delas e se considera que respectan o código ético da Deputación.

A Presidencia contesta que está no pleno como presidente da Deputación e non como presidente do partido, e aclara que o código ético non é aplicable a cargos electos doutras administracións.

- Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta polas noticias saídas na prensa onde se facían eco da intención da Deputación de mercarlle á Xunta de Galicia accións da sociedade que xestiona a tecnópole e se dicía que a Deputación entregara un informe no que se contiñan futuras accións nesa liña moi beneficiosas para a economía provincial, preguntando sobre se se materializou esa compra de accións e pide copia do informe referido, se é que existe.

A Presidencia contesta que en reunión o pasado 16.12.2020 co presidente da Xunta lle fixo chegar unha serie de propostas en relación coa tecnópole que están sendo avaliadas polo goberno autonómico, estando á espera de novas reunións sobre este tema.

- Susana Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta quen é responsable ou responsables dos feitos descritos na sentenza do xulgado do contencioso-administrativo núm. 2 de Ourense que condena á Deputación a abonar a un particular máis de 193.000,00 € en concepto de subministracións de mobiliario urbano e ordena deducir testemuña ao ministerio fiscal por se se incorrese nun delito de prevaricación.

A Presidencia contesta ter o máximo respecto aos pronunciamentos xudiciais, se ben matiza que a sentenza aínda non é firme e que os servizos xurídicos están estudando a posibilidade do seu recurso.

- Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta a valoración do presidente provincial sobre se algún alcalde ou alcaldesa, ou deputado ou deputada provincial, por diante dos veciños e veciñas, utilízase o seu cargo para vacinarse ou recibir unha proba contra o Covid utilizando o seu cargo.

A Presidencia contesta que é unha pregunta ampla e non concreta, indicando que en función do que se denuncie temos que ter claro o que pasa para saber se o condenamos ou non, pero que en principio todos condenaremos se algún cargo público se salta os protocolos establecidos.

O deputado Ignacio Gómez indica que hai un vídeo do alcalde e deputado provincial César Fernández no que manipula datos persoais dun cribado que fai o SERGAS, e que ademais despois deste feito parece ser que tanto alcalde como tenente alcalde rematadas as probas do cribado se someteran a esas probas, negándose a contestar no pleno do concello de Ribadavia, e que este feito debería dar lugar á dimisión como alcalde e como deputado.

A Presidencia contesta que é moi perigoso xeneralizar, e que el viu un vídeo no que o alcalde de Ribadavia colabora coas autoridades sanitarias nun momento moi crítico de pandemia no seu concello.

O deputado Gómez Pérez explica que os cargos deben estar para axudar, pero non para manipular datos persoais do SERGAS ou para facerse probas valéndose do seu cargo.

A Presidencia contesta que seguro que se non houbera estado, a pregunta sería por qué o alcalde de Ribadavia non estaba colaborando nun momento tan crítico.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Roga sobre a moción de urxencia retirada polo seu grupo, e referida a prol dun fondo común interadministrativo de axudas para a hostalería, o comercio e os apm, e que parecendo que se está a punto de conseguir este, pide que os grupos políticos actúen con altura de miras para conseguir este acordo entre as diferentes forzas políticas.

A Presidencia contesta que precisamente esta tarde o vicepresidente primeiro acudirá a unha reunión para tratar este tema con representantes da Xunta, das deputacións, da FEGAMP e do Cluster de turismo.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 14º](#)

PEGADA DIXITAL VÍDEO:

Url - <http://depourense.seneca.tv/s/wBeXiOE55oAVhQfWA1s3lLFQY7CmAuwq.mp4>

SHA512

7313e05517aa78a49347fd2e6eed7754cfd90d4f423e627652a49d8092bc445939e8dcc

2062b6eed50cbda55e71459410a404eebc65e921e281c3418ab4f82a6

E, ás 16.30 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

